



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



 seaga

**CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS II PARA A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DE PERSOAL TEMPORAL DA EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS S.A. (SEAGA), ENTRE OS CANDIDATOS INCLUÍDOS NA LISTA PREVIA NA CATEGORÍA DE OPERADOR CODIFICADOR.**

**Resolución do Conselleiro do Consello de Administración de SEAGA, de 23 de outubro de 2008 pola que se convoca proceso selectivo para a contratación de persoal temporal, entre os candidatos incluídos na lista previa na categoría de Operador Codificador.**

En uso das facultades conferidas polo Consello de Administración de SEAGA, en sesión celebrada o día 17 de xaneiro de 2008, e o abeiro das “Bases para a selección de persoal temporal, da empresa pública de Servizos Agrarios Galegos s.a. (Seaga), polo sistema de listas previas por categorías” aprobadas polo Consello de Administración de SEAGA con data do 12 de novembro de 2007, (Diario Oficial de Galicia do 14 de novembro de 2007 e corrección de erros do 15 de novembro de 2007, e corrección de erros na páxina web de Seaga do 20 de novembro de 2007), rematado o proceso de selección para o ingreso na lista previa na categoría de Operador Codificador convocado mediante resolución do Director-Xerente do 23 de novembro de 2007 (DOG de 29 de novembro de 2007), o Conselleiro do Consello de Administración de Seaga,

**DISPÓN**

Convocar proceso selectivo para a contratación de persoal temporal, entre os candidatos incluídos na lista previa na categoría de Operador Codificador, con suxeición ás seguintes bases específicas II da convocatoria:



## 1. NORMAS XERAIS

### 1.1. Obxecto do proceso selectivo, sistema de acceso e procedemento.

O obxecto do proceso selectivo será a cobertura e contratación de dez (10) prazas na categoría profesional de Operador Codificador, a partir dos candidatos incluídos na lista previa por categorías profesionais, polo procedemento de proba selectiva e concurso de méritos.

De conformidade co disposto nas bases xerais (DOG do 14 de novembro de 2007 e corrección de erros do 15 de novembro de 2007, e corrección de erros na páxina web de Seaga do 20 de novembro de 2007) e nas bases específicas (DOG e páxina Web de Seaga de 29 de novembro de 2007) da convocatoria para a selección de persoal temporal polo sistema de listas previas na categoría de Operador Codificador, do total de prazas do sistema de acceso libre reservarase unha (1) praza para ser cuberta por persoas con discapacidade cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33%.

As prazas convocadas corresponden ás provincias de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

### 1.2. Requisitos dos candidatos.

A inclusión dos candidatos no sistema de listas previas non presupón que á data da presente convocatoria sigan posuíndo os requisitos que se lle esixiron para o ingreso no sistema de listas previas, polo que se advirte expresamente que os candidatos deberán posuír á data da presente convocatoria, e manter ata o momento de formalización, de ser o caso, do correspondente contrato, os mesmos requisitos que se lle esixiron para o ingreso na lista previa correspondente, de tal xeito que cando da documentación que se lles pode volver a requirir os candidatos, no caso de superarse o proceso selectivo e antes de formalizar o correspondente contrato, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os candidatos decaerán en todos os dereitos que puideren derivar da súa participación no procedemento.

### 1.3. Solicitudes.

Os candidatos serán chamados a partir da lista previa correspondente, estando exentos da presentación de solicitude.

#### 1.3.1. Documentación a presentar.



Ningunha.

### 1.3.2. Lugar de presentación de documentación e/ou reclamacións.

A documentación e/ou as reclamación/s que se poida/n achegar e/ou efectuar segundo o disposto nas presentes bases, poderase presentar:

- nas oficinas de rexistro de Seaga, sitas no Polígono Industrial do Tambre, Vía Marconi, nº 14, 15.890 Santiago de Compostela - A Coruña, de luns a venres, en horario de 9:00h a 14:00h e de 16:00h a 18:00h.

- nas seguintes oficinas, de luns a venres, en horario de 9:00h a 14:00 horas:

- Rúa Montero Ríos, nº 24 (Antiga Cámara Agraria), 27002 Lugo
- Rúa do Paseo, nº 22, 1º, 32003 Ourense
- Praza do Teucro, nº 18, 36002 Pontevedra

A documentación e/ou as reclamación/s que se poida/n achegar e/ou efectuar, unha vez rematado o prazo correspondente segundo o disposto nas presentes bases considerárase, a tódolos efectos, como fora de prazo, e non será tida en consideración no proceso.

A presentación de documentación e/ou reclamacións en oficinas distintas das sinaladas na convocatoria non será tida en consideración no proceso.

Toda documentación que se presente haberá de estar cotexada, e ós efectos de cotexo da documentación, admitirase a documentación cotexada polo propio Seaga e a cotexada por outras Administracións públicas, polas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro e a lexitimada por Notario. A estes solos efectos, enténdese por Administración pública:

- a) a Administración Xeral do Estado, as Administracións das Comunidades Autónomas, as Entidades que integran a Administración Local.
- b) os organismos autónomos, as entidades públicas empresariais, as Universidades Públicas e as Axencias Estatais.

No caso de documentos redactados en idioma distinto do galego ou do castelán, haberán de vir traducidos por intérprete xurado e con firma lexitimada ante Notario.

Para calquera aclaración ou información adicional os interesados poderán poñerse en contacto telefónico, no número 981 546 127, das 09:00 horas as 14:00 horas e das 16:00 horas as 18:00 horas, de luns a venres, ou ben na páxina web de SEAGA ([www.epseaga.com](http://www.epseaga.com)).



#### **1.4. Admisión de candidatos.**

De acordo co establecido nas bases xerais 2.2.1. a comisión de selección decidirá o número de candidatos a convocar o proceso de selección. En todo caso a convocatoria deberá facerse contando cun mínimo de tres candidatos por praza a cubrir, salvo naqueles casos que o número de candidatos fose inferior ao necesario, neste caso convocaranse todos os candidatos existentes na lista previa.

Os candidatos serán chamados a partir da lista previa correspondente, estando tódolos candidatos que se convoquen pola comisión de selección admitidos ó proceso.

#### **1.5. Datos de carácter persoal.**

Rexerase polo establecido nas bases xerais 1.7.

### **2. PROCESO SELECTIVO.**

O proceso selectivo constará dunha fase de proba selectiva eliminatoria e unha fase de concurso de méritos, e valorarase entre 0 e 5 puntos.

A puntuación acadada polos aspirantes na fase de proba selectiva, de ser superada esta, será engadida a puntuación da fase de concurso de méritos, e a suma de ámbalas dúas determinará a puntuación total dos candidatos no proceso selectivo.

#### **2.1. Fase de proba selectiva.**

Esta fase consistirá nun exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio, a realizar nunha mesma sesión, onde cun ordenador deberán quedar reflectidos os coñecementos e manexo a nivel usuario das distintas aplicacións de ofimáticas mediante a realización de dúas probas.

##### **a) Primeira proba:** consistirá no manexo do procesador de textos Microsoft Word 2002.

Nesta parte valorarase a capacidade dos aspirantes para a elaboración dun documento a partir doutro que será facilitado ó aspirante, acompañado das instrucións correspondentes, utilizando o procesador de textos Microsoft Word 2002, valorándose a súa correcta execución, a capacidade para a composición, modificación e corrección de documentos escritos utilizando o citado procesador, e, en xeral, o coñecemento das súas funcións e utilidades.

##### **b) Segunda proba:** consistirá no manexo da folla de cálculo Microsoft Excel 2002.

Nesta parte valorarase a capacidade dos aspirantes para crear follas de cálculo novas, o traballo con celas, rangos, filas, columnas, follas e libros, seleccionar, borrar, editar, visualizar, buscar, mover, copiar, desfacer, restaurar celas, modificar o aspecto da folla de cálculo, introducir e



configurar imaxes, corrección ortográfica, configurar a folla de cálculo, utilizar fórmulas, validar e protexer datos, filtrar datos, diagramas, funcións, e, en xeral, o coñecemento das súas funcións e utilidades.

O tempo máximo de realización do exercicio será de unha (1) hora e trinta (30) minutos.

Cada proba (procesador de textos e folla de cálculo) será cualificada de 0 a 0,5 puntos, e a suma das dúas cualificacións será a cualificación global que o candidato obteña no exercicio.

O exercicio será cualificado de 0 a 1 punto, sendo preciso alcanzar 0,5 puntos para enténdelo superado, e sendo necesario superar o exercicio para superar a fase de proba selectiva e o proceso selectivo.

Os candidatos que non superen o exercicio serán eliminados do proceso selectivo, non concorrerán a fase de concurso de méritos e serán excluídos da lista previa

## **2.2. Fase de concurso de méritos.**

Nesta fase, teráselle en conta ós candidatos a puntuación do baremo de méritos que determinou a súa orde de prelación na lista previa, e que lles será computada de oficio por Seaga, e ata un máximo de 4 puntos.

## **2.3. Desenvolvemento das probas selectivas.**

Rexeranse polo establecido nas bases xerais 2.2.4.3.

A comisión de selección, por cuestións de índole organizativa, poderá propoñer exercicios distintos de similares características nos correspondentes chamamentos parciais, que se poderán realizar, de ser o caso, en diferentes días.

## **2.4. Outorgamento de cualificacións.**

Rexerase polo establecido nas bases xerais 2.2.4.4.

## **2.5. Desempate.**

Rexerase polo disposto nas bases xerais 2.1.4.

## **2.6. Lista de contratación.**

Rexerase polo disposto nas bases xerais 2.2.5.

## **2.7. Reclamacións.**

Rexerase polo disposto nas bases xerais 2.2.6.



### 3. Comisión de selección.

Rexerase polo establecido nas bases xerais 2.2.4.1, e nas bases específicas 2.1.5 da convocatoria para o ingreso na lista previa na categoría correspondente. A estes efectos, o Conselleiro do Consello de Administración ratifica a nomeada e constituída no proceso para o ingreso na lista previa correspondente.

### 4. Lista de agarda.

Rexerase polo establecido nas bases xerais 2.3.

O abeiro do disposto nas bases específicas 2.1.4 da convocatoria para a selección de persoal temporal, polo sistema de listas previas, na categoría de Operador Codificador os candidatos que superasen este proceso selectivo pero non fosen contratados, pasarán a formar parte da lista de agarda correspondente, facéndose as propostas de contratación na mesma forma na que se configurou o chamamento para a selección a partir das listas previas.

### 5. Período de proba.

Para os traballadores contratados establecerase un período de proba segundo o regulado no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores e lexislación concordante.

### 6. Disposición derradeira.

Contra esta resolución, poderase efectuar reclamación no prazo de cinco días hábiles, contados desde o día seguinte ao da súa publicación na páxina web de SEAGA, ante o Conselleiro do Consello de Administración de SEAGA.

Santiago de Compostela, a 23 de outubro de 2008

O Conselleiro do Consello de Administración

Asdo.- Alberte Souto Souto

